

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VIGO

#### Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROCEDEMENTO DE REVISIÓN DO MAPA ESTRATÉXICO DE RUÍDO DO CONCELLO DE VIGO, ANO 2017, FASE 3ª DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 13339/306*

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 5 de abril de 2018, adoptou o seguinte

#### ACORDO

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o documento de Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, redactado por Universidade de Vigo: Sonitum e a entidade Sonen, Centro de Acústica e Servicos de Telecomunicacións, S.L., con data de 30 de setembro de 2017, por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na L.37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (exp. nº 13339/306).

**SEGUNDO:** Someter a documentación da revisión do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, ó trámite de información pública polo prazo de un mes, contado desde a publicación do correspondente anuncio no BOP de Pontevedra, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións.

**TERCEIRO:** A documentación da revisión do Mapa Extratéxico de Ruídos do Concello de Vigo estará a disposición do público en xeral no Servizo Municipal de Medio Ambiente (Casa do Concello, sita na Praza do Rei, 1, planta segunda, CP 36202) como na páxina web do Concello de Vigo, no seguinte enderezo da internet: <http://www.vigo.org> (Servizos Cidade, Medio Ambiente, Situación Medioambiental).

**CUARTO:** No caso de que non si tivera presentado ningunha alegación, observación ou suxerencia no trámite de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón de aprobación inicial.

**QUINTO:** Comunicar este acordo aos Servizos Municipais interesados, Área de Seguridade, Área de Fomento, Xerencia de Urbanismo e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia.

Vigo, na data electrónica que figura ao marxe

A concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable

María Jesús Lago Rey

